

## **1. Modalidades de acreditación**

A acreditación das competencias dixitais do alumnado poderá realizarse a través das seguintes modalidades:

- a) Por obter o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria no curso 2023/24.
- b) Por superar unha proba específica de acreditación das competencias dixitais de nivel intermedio.
- c) Por obter o título de bacharel no curso 2023/24 e superar unha proba específica de acreditación da área de dominio 4 de nivel intermedio.

## **2. Acreditación do alumnado de educación secundaria obrigatoria**

- O alumnado que obteña o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria recibirá o certificado que acredite o nivel de iniciación.
- O alumnado matriculado en 4º de educación secundaria obrigatoria poderá presentarse a unha proba específica co obxectivo de acreditar os coñecementos, habilidades e actitudes propias do nivel intermedio.
- O alumnado que titule ou que supere a proba específica recibirá a certificación ComDix de nivel iniciación ou de nivel intermedio, respectivamente. As ditas certificacións serán emitidas de oficio conforme aos procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e no Rexistro de certificacións en competencias dixitais, de acordo co que se recolla no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.
- A acreditación do alumnado terá unha validez de cinco anos a partir da data da proposta de título da alumna ou o alumno ou da realización da proba específica.

## **3. Acreditación do alumnado de bacharelato**

- A obtención do título de bacharel acredita que a alumna ou o alumno ten os coñecementos, habilidades e actitudes das áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel intermedio descritas no Marco galego de competencias dixitais.
- O alumnado matriculado en 2º de bacharelato poderá presentarse a unha proba específica co obxectivo de acreditar os coñecementos, habilidades e actitudes propias da área de dominio 4 do nivel intermedio descritas no Marco galego de competencias dixitais.
- No caso de que unha alumna ou un alumno obteña o título de bacharel e ademais supere a proba específica da área de dominio 4 do nivel intermedio, recibirá a certificación ComDix que acredita o nivel intermedio. A dita certificación será emitida de oficio conforme aos procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e no Rexistro de certificacións en competencias dixitais, de

acordo co que se recolla no documento Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.

- O alumnado que titule sen superar a proba específica e o alumnado que non titule e supere a proba específica poderá solicitar no centro docente un documento que acredite os coñecementos, habilidades e actitudes das áreas de dominio de competencias dixitais de nivel intermedio superadas.

- O documento de acreditación terá unha validez de cinco anos a partir da data da proposta de título da alumna ou o alumno ou da realización da proba específica.

#### **4. Requisitos do alumnado para participar nas probas específicas**

O alumnado que desexe participar nas probas específicas deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado en 4º de educación secundaria obrigatoria para presentarse á proba específica que acredita as competencias dixitais de nivel intermedio.

b) Estar matriculado en 2º de bacharelato para presentarse á proba específica que acredita a área de dominio 4 de competencias dixitais de nivel intermedio.

#### **5. Solicitude e inscrición nas probas específicas**

O alumnado de 4º de educación secundaria obrigatoria e o alumnado de 2º de bacharelato que desexe realizar a proba específica solicitará a súa inscrición empregando o modelo facilitado polo centro.

6. As convocatorias de probas específicas, no curso 2023/24, realizaranse consonte ao seguinte calendario:

a) A proba específica que acredita a área de dominio 4 de nivel intermedio realizarase durante o mes de abril.

b) A proba específica que acredita o nivel intermedio realizarase durante o mes de maio.